

## RECITAL DE VIGO 13-3-2024

### DE A CABELEIRA DE CLAUDIO RODRÍGUEZ FER

#### Lugar:

Biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios (Avenida de García Barbón, 5), ás 19.30

#### Presentación:

Anxo Cabada, fotógrafo, docente e ex-presidente e vicepresidente do Ateneo Atlántico de Vigo

Claudio Rodríguez Fer, escritor e director da Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética da Universidade de Santiago de Compostela

Carmen Blanco, escritora, profesora de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela e autora do debuxo e caligrama das cubertas

#### Lectura políglota de “A cabeleira”:

En galego, o autor

En portugués, Ana Gravata, profesora de Portugués pertencente ao Instituto Camões - Centro Cultural Português em Vigo (Tradución de Claudia Murici)

En asturiano, Antonio García Ordóñez, membro da Asociación de Amigos da República de Ourense (tradución de Xuan Bello)

En castelán, Sara R. Espiñeira, licenciada en Francés e en Galego pola Universidade de Santiago de Compostela e profesora de Galego no Instituto Carlos Casares de Vigo (Tradución de Olga Novo)

En catalán, Mar Sasha Kuitenbrouwer Cuéllar, estudante no Centro Público de Educación Básica de Grandas de Salime (Tradución de Marta Pessarrodona)

En francés, María Lopo, ensaísta, catedrática de Francés e doutora en Literatura Francesa pola Universidade da Alta Bretaña (Tradución dela mesma)

En italiano, Cristina Marchisio, doutora e profesora de Lingua e Literatura Italianas na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Ana Rosso)

En romanés, Adina Ioana Vladu, poeta, tradutora políglota, licenciada e doutora en Lingüística pola Universidade de Bucarest e investigadora lingüística en Intelixencia Artificial (Tradución de Ion Deaconescu)

En xudeo-español, ou ladino, Manuela Aira, licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e profesora en Grandas de Salime (Tradución de Graciela Tevah de Ryba)

En latín, María Álvarez Díaz, licenciada en Filoloxía Clásica pola Universidade de Oviedo e profesora de Latín no Instituto do Castro de Vigo (Tradución de Aurora López e Andrés Pociña)

En inglés, Adina Ioana Vladu, máster en Lingua e Literatura Inglesas pola Universidade de Santiago de Compostela e tradutora do galego ao inglés e do inglés ao galego (Tradución de Diana Conchado)

En alemán, Nicolás Chantada, estudante de Enxeñaría Eléctrica na Universidade de Vigo (Tradución de Regina Goerger)

En neerlandés, Gideon Kuitenbrouwer, arquitecto, creador en madeira e rehabilitador con autosuficiente sostibilidade dunha aldea na boscosa comarca asturiana dos Oscos (Tradución de Germain Droogenbroodt)

En sueco, Marta Dahlgren, doutora en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela, profesora de Inglés na Universidade de Vigo e tradutora do sueco e do inglés ao galego (Tradución dela mesma)

En grego clásico e en grego moderno, Sula Repani, pintora grega afincada en Galicia (Tradución, respectivamente, de Stathis Papakonstantinou e de Theodora Grigoriadou)

En ruso, Ekaterina Yakovleva, licenciada pola Universidade Estatal de San Petersburgo en Interpretación e Tradución de Idiomas e máster en Lingüística Aplicada pola Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de Serguey Stepanov)

En chinés, Marola Padín Novas, vicedirectora do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), directora adxunta do Observatorio da Política Chinesa e profesora de Chinés na Escola Oficial de Idiomas de Vigo (Tradución de Zhou Wei)

En xaponés, Gabriel Álvarez Martínez, licenciado en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo, vicepresidente da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación e tradutor do xaponés ao galego e ao castelán (Tradución de Takekazu Asaka)

En barallete, Laura Paz Fentanes, narradora, licenciada en Lingua e Literatura Españolas e doutoranda na Universidade de Santiago de Compostela (Tradución de José Manuel Bouzas)

En esperanto, Cristina Fiaño, poeta, xestora cultural e graduada en Enxeñaría de Deseño Industrial pola Universidade da Coruña e en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural pola Universidade de Santiago de Compostela, por onde tamén é máster en Servizos Culturais (Tradución de Diana Conchado)